

3.6. Outros indicadores de benestar social

TRAS ANALIZAR NOS CAPÍTULOS ANTERIORES A COBERTURA E O FINANCIAMENTO DAS PRESTACIÓNS SOCIAIS e sanitarias, a educación e o medio ambiente, o obxectivo deste capítulo é analizar diferentes indicadores de benestar social que determinan outros aspectos da calidade de vida. Os tres ámbitos considerados para a súa avaliación son o consumo, a vivenda e a cultura e o ocio.

Consumo

Esta análise do consumo está dividida en dous grandes apartados nos que se estudan, por unha banda, a renda familiar bruta dispoñible, a partires dos datos facilitados por Funcas, e pola outra, os datos da protección ao consumidor, tomando como indicadores o número de consultas e reclamacións atendidas no Instituto Galego de Consumo (IGC), e a actividade dos colexios arbitrais da Xunta de Galicia.

● Renda familiar bruta dispoñible

O comportamento do consumo privado está ligado á evolución da renda familiar bruta dispoñible, que indica o poder de compra das familias. No ano 2007, esta variable ascendeu en Galicia a 41.109,1 millóns de euros, un 6,3% máis que no ano anterior, o que representa o 5,5% da renda familiar bruta dispoñible no conxunto do Estado.

En termos relativos, a renda familiar bruta (en poder de compra) por habitante situouse en Galicia no último ano nos 15.269 euros, o representa o 95,1% do seu valor medio (España = 100).

● Protección ao consumidor

O volume total de consultas ou solicitudes de información atendidas polo Instituto Galego de Consumo (IGC) ao longo do ano 2007 descendeu un 4,1% respecto ao ano

anterior, acadando as 25.851 consultas. Pola contra, o número de reclamacións medrou un 2,5%, situándose nas 16.118 reclamacións.

A telefonía (móbil, fixa e internet) segue sendo a actividade con maior número de solicitudes de información e reclamacións atendidas, ao acoller en torno á cuarta parte das consultas e reclamacións. Séguelle en importancia ás correspondentes ao sector de electrodomésticos/equipos informáticos, que abranguen o 9,9% das consultas e o 11,2% das reclamacións.

Cómpre salientar que no ano 2007 se rexistrou un forte incremento da actividade xeral de inspección de consumo, acadando as 61.521 inspeccións, un 43,5% máis que no ano anterior. Ao igual que en 2006, o maior número de actuacións de inspección realizáronse no sector de produtos industriais, que acolle o 86% do total.

O IGC incluíu na rede de alerta un total de 78 produtos que supuñan risco grave para o consumidor (o 12,5% dos produtos incorporados en 2006 á rede estatal), situándose como a terceira Comunidade autónoma en número de produtos introducidos na rede de alerta, por detrás de Cataluña e Madrid. Na maioría de casos notificados á devandita rede se trata de xoguetes e artigos decorativos, con 24 e 14 produtos, respectivamente.

Derivado das actuacións de seguimento dos produtos incluídos na devandita rede retiráronse do mercado un total de 21.655 unidades e se decretou a destrución doutras 50.014 unidades. En conxunto, o número de unidades retirados ou destruídos medrou en 2007 un 41,5% respecto ao ano anterior.

No que á vía arbitral como sistema de resolución de conflitos se refire, ao longo do ano 2007 rexistrouse unha diminución do 7% no número de solicitudes arbitrais presentadas ante a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia. Das 5.846 solicitudes presentadas, 1.181 (o 19,1%), tiveron que ser arquivadas debido á non aceptación da vía por parte do empresario. Os colexios arbitrais resolveron por mediación un total de 747 reclamacións (12,7% menos que no ano 2006).

As actividades máis importantes, en canto ao número de solicitudes presentadas se refire, foron as da telefonía, con 3.437, e as de tinturarías, con 219 solicitudes. En termos relativos, a telefonía acolle o 58,8% das solicitudes presentadas, fronte ao 3,7% das actividades de tinturarías.

Os diferentes colexios arbitrais ditaron no último ano un total de 1.565 laudos. O 11% ditáronse nun prazo inferior a un mes e un 77%, entre un e dous meses. Tan só un 0,3% dos laudos presentou unha resolución superior aos catro meses.

Vivenda

Tendo en conta que o capítulo 1.2.- **Producción** ten un apartado dedicado á construción, onde se analizan os aspectos da oferta de vivenda en Galicia, neste capítulo faise especial mención aos principais indicadores da súa demanda.

Dende un punto de vista normativo cómpre salientar a aprobación da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, que incorpora entre os seus obxectivos o de fomentar a creación de solo destinado a vivendas protexidas por mor da "necesidade demostrada de forte demanda social".

Asemade, tamén hai que destacar o cambio introducido pola nova lei de solo estatal (Lei 8/2007, de 28 de maio, de solo) que establece, entre outros aspectos, a obriga de reservar, con carácter xeral, un mínimo do 30% de superficie de solo para edificación protexida; a entrega á Administración competente, e con destino a patrimonio público de solo, do solo libre de cargas de urbanización correspondente á porcentaxe da edificabilidade media ponderada da actuación (entre un 5% e un 15%); ou o establecemento dun novo mecanismo de fixación dos prezos do solo en caso de expropiación.

Indicadores da vivenda en Galicia e España 2006-07

	2006		2007	
	Galicia	España	Galicia	España
Estimación parque de vivendas	1.470.805	23.859.024	1.507.380	24.495.844
Vivenda principal	981.733	16.353.723	983.678	16.776.722
Propiedade	866.055	14.273.883	868.135	14.621.334
Aluguer	94.543	1.799.455	94.507	1.881.402
Cesión	21.135	280.385	21.036	273.986
Vivenda non principal	489.072	7.505.301	523.702	7.719.122
Construción de vivendas libres				
Vivendas iniciadas	38.246	664.924	37.913	432.117
Variación interanual (%)	7,0	4,6	-0,9	-35,0
Vivendas terminadas	29.998	597.632	33.032	579.665
Variación interanual (%)	1,9	13,0	10,1	-3,0
Const. vivendas protexidas				
Total vivendas protexidas iniciadas	4.241	95.255	3.000	83.859
Variación interanual (%)	59,1	18,4	-29,3	-12,0
Total vivendas protexidas terminadas	3.292	60.358	3.774	67.127
Variación interanual (%)	7,9	-2,5	14,6	11,2
Prezo medio da vivenda libre (€/m ²)	1.394,98	1.944,28	1.510,50	2.056,35
Variación interanual (%)	15,3	10,4	8,3	5,8
Prezo medio da vivenda protexida (€/m ²)	936,10	997,23	979,58	1.045,20
Variación interanual (%)	10,8	7,6	4,6	4,8

Fonte: Ministerio de Vivienda, INE

3.6.1.

Hipotecas de vivendas urbanas en Galicia e España 2006-07: vivendas constituídas e importe medio

	Hipotecas constituídas			Importe medio		
	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06
	(en €)					
Galicia	42.921	44.409	3,5	111.602	119.566	7,1
A Coruña	18.304	18.061	-1,3	109.683	120.533	9,9
Lugo	3.228	4.508	39,7	89.208	99.743	11,8
Ourense	4.314	3.653	-15,3	100.582	104.268	3,7
Pontevedra	17.075	18.187	6,5	120.677	126.591	4,9
España	1.324.522	1.235.212	-6,7	140.275	149.007	6,2
Galicia / España	3,2	3,6		80	80	

Fonte: Fundación Caixagalicia, A economía galega. Informe 2007

3.6.2.

Evolución da compravenda de vivendas rexistradas novas e usadas nas CC.AA. 2005-07 e relación entre a compravenda de vivendas novas e vivendas novas terminadas en 2007

	Compravenda de vivendas rexistradas			Nº compravenda vivendas novas 2007	Nº vivendas terminadas 2007	Nº vivendas terminadas/Nº compravenda vivendas novas
	2007	06/05	07/06			
	(%)					
Andalucía	170.312	-7,4	-3,3	87.423	119.380	1,366
Aragón	20.884	-15,8	-11,9	9.612	12.863	1,338
Asturias	17.714	-1,8	-6,9	7.300	9.795	1,342
Baleares	20.505	-1,5	-18,6	9.502	12.162	1,280
Canarias	34.785	-4,2	-21,3	18.270	23.176	1,269
Cantabria	11.927	-16,9	-6,4	5.736	8.072	1,407
Castela e León	41.324	-6,3	-12,0	15.268	35.506	2,326
Castela - A Mancha	38.716	-4,0	1,9	13.062	50.688	3,881
Cataluña	112.614	-8,3	-26,3	46.628	87.086	1,868
C. Valenciana	111.983	-8,0	-18,1	44.360	81.358	1,834
Extremadura	13.895	-8,9	-17,0	2.540	10.915	4,297
Galicia	31.000	-38,0	-19,4	14.935	33.032	2,212
Madrid	88.252	-4,1	-13,2	30.883	40.008	1,295
Murcia	31.193	-1,1	-8,9	15.589	33.259	2,133
Navarra	9.634	2,6	-4,8	6.176	5.636	0,913
País Vasco	26.230	-15,1	-12,5	10.948	10.793	0,986
A Rioxa	7.550	-4,2	1,9	3.032	5.208	1,718
Total	788.518	-7,2	-13,9	341.264	578.937	1,696

Fonte: CES España

3.6.3.

Accesibilidade á vivenda en Galicia e España 2006-07

	2006		2007	
	Galicia	España	Galicia	España
Anos de salario necesarios para a compra dunha vivenda	8,4	10,0	8,6	10,1
Proporción de renda familiar que hai que pagar por un crédito de 25 anos				(%)
Un salario	44,0	52,4	51,0	59,4
Salario ponderado	27,5	34,9	31,9	39,6

Fonte: Fundación Caixagalicia, A economía galega. Informe 2007

3.6.4.

Os **indicadores da demanda** de vivenda en Galicia reflicten un maior dinamismo que no conxunto do Estado, o que explicaría o maior encarecemento da vivenda. Mentres que en España o número de hipotecas constituídas descendeu un 6,7% en relación ao ano 2006, a comunidade autónoma galega presenta unha medra do 3,5%, constituíndose un total de 44.409 hipotecas sobre vivendas en leiras edificables urbanas, o 3,6% do total estatal. Os datos reflectidos no **cadro 3.6.2.** amosan que Lugo, e en menor medida Pontevedra, presentan unha medra do número de hipotecas, descendendo en A Coruña e, especialmente, en Ourense.

O importe medio da hipoteca en Galicia ascendeu no último ano a 119.566 euros, o que supuxo un crecemento do 7,1% en relación ao ano anterior. Esta medra é case un punto superior ao rexistrado no conxunto do Estado, onde o importe medio se sitúa nos 149.007 euros. Os datos do INE reflicten que o maior incremento produciuse na provincia de Lugo, cunha taxa de variación interanual de case o doce por cento, por diante de A Coruña, cunha medra de case un dez por cento.

Fronte a estes datos, a Estadística Registral Inmobiliaria indica unha diminución da compravenda de vivendas rexistradas tanto en Galicia como no conxunto do Estado. En 2007 realizáronse en Galicia un total de 31.000 transaccións de compravendas, o que supón un descenso do 19,4% (13,9% de media en España). Este indicador de debilitamento da demanda requiriría un axuste da oferta, xa que no último ano as vivendas terminadas en Galicia superaron ás vendidas nun 121,2% (69,6% no conxunto do Estado).

En 2007 rexístrase unha certa contención no ritmo de crecemento dos prezos da vivenda tanto en Galicia como no conxunto do Estado. Neste último ano a vivenda galega segue amosándose máis inflacionista que a media española, medrando o prezo medio da vivenda libre un 8,3% en relación a 2006 (5,8% en España) e un 4,6% o da vivenda protexida (4,8% en España).

O encarecemento da vivenda e o endurecemento das condicións financeiras provocan o deterioro das posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade. No ano 2007 o custo dunha vivenda de 100 metros cadrados para unha familia media galega representa 8,8 anos de traballo, catro meses máis de traballo respecto ao 2006. A pesar de que esta ratio segue sendo inferior á rexistrada no conxunto do Estado (10,2 anos), a maior inflación da vivenda galega fai que se reduza a vantaxe de accesibilidade existente en Galicia en relación á media estatal

Asemade, o devandito encarecemento dos prezos da vivenda e dos tipos de xuro provocou que para unha familia media preceptora dun só salario, o pago das cotas da hipoteca significa unha carga do 51% dos seus salarios brutos, oito puntos e medio menos que no conxunto do Estado. Se se corrixen os ingresos pola media de salarios percibidos pola unidade familiar, estas porcentaxes serían do 31,9% en Galicia e do 39,6%, en España.

3.6.

Cultura e ocio

Un primeiro aspecto que hai que salientar no eido da cultura é a entrada en vigor da Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, que dá apoio institucio-

Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia

Dada a necesidade de fomentar a lectura e o apoiar ao libro e á industria que o sustenta, a comezos do ano 2007 entrou en vigor esta lei do libro e da lectura. No seu artigo 1 establécense os seus sete **obxectivos**:

- Promover a extensión social da lectura.
- Promocionar o libro e a lectura en galego.
- Definir un marco xurídico para promover o proceso de creación ou preparación do libro, como xeito de garantir a variedade, calidade e accesibilidade do libro galego ou editado en Galicia e de realizar un fomento eficaz da lectura.
- Así mesmo, este marco xurídico orientarase cara á modernización e á posta en valor de todos os axentes implicados na existencia e difusión do libro e a procurar o crecemento e a diversificación do sector editorial galego e dos seus produtos.
- Regular o depósito legal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Apoiar a ampliación da oferta editorial en lingua galega naqueles eidos onde presenta maiores carencias temáticas ou de tipoloxías de edición.
- Favorecer todas as accións tendentes a incrementar a coordinación entre todos os axentes do libro.

Asemade, recoñece o carácter estratéxico e prioritario do sector do libro pola súa importancia cultural, social e económica, como instrumento para a expresión do dereito á creación, á promoción e á divulgación da cultura, da historia e da lingua de Galicia.

nal expreso ao libro e á lectura por mor da súa condición de instrumentos indispensables para a transmisión da cultura e o desenvolvemento do noso, así como pola súa importancia no proceso de normalización dos usos sociais e públicos do galego.

A produción editorial total en Galicia no ano 2007 ascendeu a 2.364 títulos, un 3,2% menos que no ano anterior, sendo a súa tirada media de 1.371 exemplares por título, fronte ós 1.842 exemplares do ano 2006. Comparado co total estatal, Galicia acolleu no último ano o 3,2% dos títulos publicados, medio punto porcentual menos que no ano precedente, e o 1,4% do total de exemplares (1,8% en 2006).

Ao igual do rexistrado en 2006, ao longo do ano 2007 medrou a produción editorial en galego (4,7% en relación aos publicados no ano anterior), acadando os 1.472 títulos (o 2% dos títulos publicados no conxunto do Estado). Este incremento está asociado a un descenso do 11,2% no número de exemplares no idioma galego, que se sitúan nos 2.879 miles de exemplares (o 1,2% do conxunto do Estado). Da produción editorial total en España (73.757 títulos publicados), o **cadro 3.6.5.** reflicte que se editan en castelán o 77,7% dos títulos, un 10,2% en catalán, valenciano e balear e un 1,5% en euskera.

No último ano descendeu o número títulos e exemplares traducidos do galego. En 2007 traducíronse un total 40 libros (6 menos que no ano anterior), sendo o número de exemplares de 194 miles (241 miles de exemplares en 2006).

Respecto á prensa escrita, os dous principais xornais galegos manteñen practicamente constante a súa tirada e difusión no conxunto do ano 2007. Dunha banda, La Voz de Galicia, principal xornal galego pola súa tirada (118.344 exemplares diarios) e difusión (103.341 exemplares), é o noveno diario de información xeral en importancia a nivel estatal. Séguelle en importancia Faro de Vigo, o décimo sexto diario en importancia, cunha tirada de 48.143 exemplares e unha difusión de 40.616 exemplares (fonte: OJD).

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.
- 3.5.
- 3.6.**
- 4.1.
- 4.2.

Producción editorial 2006-07: distribución segundo o idioma da publicación

	Títulos publicados			Nº de exemplares		
	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06
			(%)	(miles)		(%)
Castelán	51.858	57.299	10,5	213.154	188.073	-11,8
Catalán, valenciano e balear	7.079	7.558	6,8	19.758	18.311	-7,3
Galego	1.406	1.472	4,7	3.243	2.879	-11,2
Euskera	962	1.102	14,6	2.204	2.143	-2,8
Dous ou máis idiomas nacionais	663	742	-	1.602	1.276	
Outros idiomas ou dialectos nacionais	109	100	-8,3	78	103	32,1
Alemán	131	166	26,7	524	520	-0,8
Francés	313	391	24,9	2.553	1.132	-55,7
Inglés	1.178	1.328	12,7	3.542	3.124	-11,8
Outros idiomas estranxeiros	937	861	-8,1	5.099	4.719	-7,5
En dous ou máis idiomas	1.634	1.895	16,0	3.962	4.590	15,9
Total títulos publicados	67.113	73.757	9,9	260.246	231.397	-11,1

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

3.6.5.

Producción editorial nas CC.AA. 2006-07: títulos e exemplares

	Total				Libros				Folletos			
	Títulos		Exemplares (1)		Títulos		Exemplares (1)		Títulos		Exemplares (1)	
	2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007	2006	2007
Andalucía	5.641	6.985	7.904	8.014	5.084	6.452	6.632	7.288	557	533	1.272	727
Aragón	1.468	1.818	4.221	5.576	1.209	1.481	3.578	4.912	259	337	643	665
Asturias	1.110	1.280	2.812	2.093	865	1.056	2.292	1.795	245	224	520	298
Baleares	1.081	1.042	1.662	1.565	900	870	1.368	1.351	181	172	294	214
Canarias	1.050	1.157	1.115	1.597	945	1.038	986	1.171	105	119	129	427
Cantabria	474	548	842	737	414	462	724	660	60	86	118	77
Castela e León	2.725	2.997	6.160	6.542	2.378	2.631	4.732	5.614	347	366	1.428	929
Castela - A Mancha	783	992	1.107	2.392	698	686	992	2.094	85	124	115	298
Cataluña	18.384	18.570	105.689	81.016	15.676	16.184	83.219	71.719	2.708	2.386	22.470	9.297
C. Valenciana	3.696	3.734	5.705	6.100	3.085	3.077	4.944	4.828	611	657	761	1.272
Extremadura	490	638	485	740	447	576	437	674	43	62	48	66
Galicia	2.444	2.364	4.502	3.242	2.046	1.979	3.855	2.709	398	385	647	534
Madrid	22.629	25.521	101.468	96.673	19.316	22.153	92.066	78.380	3.313	3.368	9.402	18.292
Murcia	630	892	634	980	547	794	561	852	83	98	73	128
Navarra	1.107	1.389	5.608	3.948	1.026	1.302	5.408	3.748	81	87	200	199
País Vasco	2.360	2.767	5.573	5.456	1.920	2.283	4.456	4.472	440	484	1.117	984
Rioxa	169	176	214	165	151	153	190	146	18	23	24	20
Ceuta e Melilla	29	-	20	146	28	-	20	-	1	-	-	-
Total	66.270	72.870	255.721	226.982	56.735	63.177	216.460	192.413	9.535	9.511	39.261	34.427

(1) exemplares en miles

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

3.6.6.

Nº de títulos e exemplares traducidos 2006-07: distribución segundo idioma orixinal

	Títulos			Exemplares		
	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06
			(%)	(miles)		(%)
Castelán	1.021	779	-23,7	3.086	2.014	-34,7
Catalán, valenciano e balear	249	107	-57,0	846	367	-56,6
Galego	46	40	-13,0	241	194	-19,5
Euskera	31	27	-12,9	133	104	-21,8
Dous ou máis idiomas nacionais	15	5	-	26	17	-
Outros idiomas ou dialectos nacionais	4	1	-75,0	11	2	-81,8
Alemán	696	681	-2,2	4.891	5.640	15,3
Francés	1.125	1.047	-6,9	5.733	3.903	-31,9
Inglés	6.321	5.787	-8,4	46.802	35.690	-23,7
Outros idiomas estranxeiros	1.286	1.208	-6,1	8.392	6.040	-28,0
En dous ou máis idiomas	83	25	-69,9	1.457	53	-96,4
Total títulos publicados	11.595	10.425	-10,1	74.868	57.274	-23,5

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

3.6.7.

Penetración dos medios de comunicación nas CC.AA. 2007

	Diarios	Suplementos	Revistas	Radio (1)	Televisión (1)	Cine (2)	Internet (3)
	(%)						
Andalucía	31,4	13,5	40,2	52,0	90,8	3,9	20,8
Aragón	48,6	33,8	53,4	58,8	92,1	3,5	26,6
Asturias	57,0	45,3	58,8	59,5	91,6	4,6	27,2
Baleares	48,9	27,2	60,0	55,6	84,8	3,8	28,7
Canarias	38,6	18,5	57,8	51,2	86,4	5,4	28,0
Cantabria	48,1	38,0	33,5	56,5	85,0	4,9	25,8
Castela e León	42,9	32,3	55,7	58,6	90,6	5,2	23,5
Castela-A Mancha	27,9	15,6	50,1	50,1	89,6	5,2	22,2
Cataluña	45,1	24,5	54,5	52,3	86,4	6,3	31,3
C.Valenciana	33,8	19,0	49,7	51,1	89,7	5,2	23,4
Extremadura	30,1	13,1	35,5	46,8	94,9	3,5	17,3
Galicia	47,7	28,6	45,8	54,8	86,8	4,1	19,9
Madrid	47,0	28,0	55,8	61,3	86,3	8,7	35,8
Murcia	31,0	16,6	38,1	52,1	89,8	3,3	16,5
Navarra	60,4	54,6	46,8	56,1	91,7	6,1	28,9
País Vasco	56,2	50,2	41,4	61,7	89,1	4,1	30,0
A Ríoxa	51,4	45,2	57,8	60,8	89,6	5,0	25,4
Total	41,3	24,9	49,4	54,7	88,7	5,3	26,2

(1) audiencia acumulada diaria

(2) polo menos unha vez na última semana

(3) usuarios no último mes

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

3.6.8.

Consumo diario de radio e televisión nas CC.AA. 2006-07

	2006		2007	
	Radio	Televisión	Radio	Televisión
	(media de minutos sobre o total da poboación)			
Andalucía	103	248	96	222
Aragón	130	228	129	256
Asturias	115	235	114	221
Baleares	112	208	113	232
Canarias	104	196	103	201
Cantabria	116	194	111	185
Castela e León	116	216	120	231
Castela - A Mancha	114	259	112	258
Cataluña	110	221	104	217
C. Valenciana	113	224	106	234
Extremadura	87	238	83	257
Galicia	100	194	96	191
Madrid	129	215	130	209
Murcia	96	193	90	218
Navarra	118	226	110	208
País Vasco	113	196	112	197
A Ríoxa	124	207	140	238
Total	112	222	108	220

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

3.6.9.

No caso dos medios de comunicación escritos, diarios, suplementos e revistas, Galicia presenta un maior grao de penetración que no conxunto do Estado. O **cadro 3.6.8.** reflicte que Galicia é a oitava comunidade con maior penetración no caso dos diarios e a oitava tamén no caso dos suplementos, mentres que ocuparía o décimo segundo lugar no que ás revistas se refire.

• Os medios audiovisuais

Ao longo do ano 2007 redúcese a porcentaxe de persoas que asistira ao cine polo menos unha vez na semana antes da enquisa, que se sitúa en Galicia no 4,1% (4,5% no ano anterior), 1,2 puntos por baixo da media estatal. Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia é a décimo segunda comunidade en canto a grao de penetración.

En relación á radio e á televisión, en 2007 redúcese a audiencia acumulada diaria en Galicia, que se sitúa no 54,8% e o 86,8%, respectivamente (55,8% e 87,9% no ano anterior).

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Os datos recollidos no devandito **cadro 3.6.8.** amosan que Galicia é a décima CC.AA. con maior audiencia acumulada de radio en 2006, e a décimo segunda no caso da televisión.

O consumo medio diario de radio da poboación galega redúcese no último ano, para acadar os 96 minutos (100 minutos no ano anterior) fronte aos 108 minutos de media do conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades, tan só Estremadura, con 83 minutos, e Murcia, con 90 minutos, presentan un consumo inferior ao galego.

No caso da televisión, o consumo medio diario ascende ata os 191 minutos (194 minutos no ano precedente) fronte aos 220 minutos de media en España. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é segunda comunidade con menor consumo tras Cantabria, con 185 minutos.

Finalmente, hai que facer mención ao uso de internet en Galicia. O grao de penetración en Galicia deste medio de comunicación –medido como a porcentaxe de usuarios no último mes antes da enquisa– sitúase no ano 2007 ata os 19,9% (18,2% no ano anterior). No conxunto do Estado, por contra, medra a porcentaxe de persoas maiores de catorce anos que usou internet nos últimos 30 días ata o 26,2% (22,2% en 2005). En relación ás outras CC.AA., Galicia sitúase tan só por diante de Murcia e Estremadura. ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.